



ASUNTO: CONVOCATORIA DO SORTEO A QUE FAI REFERENCIA O ARTIGO 18 APARTADO 3 DO DECRETO 431/2009, DO 19 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE RÉXIME ELECTORAL DAS CÁMARAS OFICIAIS DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE GALICIA.

En data 15 de febreiro de 2010 publícase, no Diario Oficial de Galicia, Resolución do 12 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Comercio, pola que se convocan as eleccións para a renovación dos plenos das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

O Decreto 431/2009, do 19 de novembro, publicado no Diario Oficial de Galicia do 9 de decembro de 2009, polo que se aproba o Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, establece no seu artigo número 18 apartado terceiro o seguinte:

“ ...

3. *As persoas representantes do electorado das cámaras na xunta electoral serán elixidas, mediante sorteo, a razón dunha titular e dúas suplentes por cada grupo, de entre unha relación de electores/as proposta polo pleno da cámara respectiva.*

O sorteo realizarase en acto público presidido por unha persoa representante do órgano tutelar dentro dos tres días seguintes ao da publicación da convocatoria.

“ ...”

De acordo co anterior, este Departamento Territorial

DISPÓN

- 1) Establecer data, hora e lugar para a realización do citado sorteo, que se celebrará o próximo xoves día 18 de febreiro, as 12:00 horas, na sede da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela.
- 2) Que como representante do órgano tutelar no citado sorteo actúe Santiago Lago Fernández, funcionario do Corpo Superior da Xunta de Galicia, con destino nesta Dirección Xeral.

Lugo, 17 de febreiro de 2010
A Directora Xeral de Comercio,



Asdo.: Nava Castro Domínguez